

ACTA DE APERTURA DO SOBRE B, DENOMINADO DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PONDERABLES EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO ABERTO, CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 14:00 horas do día 21 de outubro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación designada no **PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DENOMINADO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.**

ASISTENTES:

Presidente: O alcalde do concello de Ames don Santiago V. Amor Barreiro.

Vogais:

1. A Secretaria do concello, dona Rosa Ana Prada Queipo
2. O interventor do concello, don José Antonio Rueda de Valenzuela
3. A concelleira delegada de Medio Ambiente, dona María Eugenia Martín Vicente
4. A arquitecta técnica municipal do concello, dona María Gamundi Fernández

Secretaria: María Ofir Aboy García, funcionaria do departamento de secretaría.

Asisten ao acto de apertura dos Sobres B, don José Manuel Vale Vale, con DNI 33.307.196-E, en representación de si mesmo e don Agustín Ceferino Cambeiro Piñeiro, con DNI 76.332.913-F, que manifesta vir en representación de Espina & Delfín S.L.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral acreditativa dos licitadores que presentaron solicitude para participar na licitación do contrato do servizo público denominado "Ciclo integral da auga" no concello de Ames que son:

- A empresa Hidrantía Gestión integral del agua S.L.
- A persoa física José Manuel Vale Vale.
- A UTE Acciona Agua Servicios SLU, Espina Obras Hidráulicas S.A.
- A empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A.

Consta tamén no expediente, que con data 13 de outubro de 2014, a mesa de contratación da licitación do servizo público denominado "Ciclo integral da Auga", reuniuse para a cualificación da documentación administrativa contida nos Sobres A.

Consta no expediente reunión da mesa de contratación, de data 17 de outubro de 2014, sobre o requerimento de subsanación e exclusión de licitadores no procedemento, resultando rexeitada a proposición da empresa Hidrantía Gestión integral del agua S.L e non admitidas a trámite as alegacións efectuadas por José Manuel Vale Vale con NIF 33307196-E por non ser este o momento procedimental oportuno para formular oposición contra o acordo da mesa de contratación de proceder a súa exclusión.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral acreditativa da valoración de

documentos que figuran no sobre A, resultando admitidos os seguintes licitadores:

Denominación	CIF
Gestión y Técnicas del Agua S.A	A- 78139755
UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A	B-86774528 A- 15168156

A continuación procédese á apertura dos sobres B, que conteñen a documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor, dos licitadores declarados admitidos. Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, se comproba que todas as empresas admitidas presentan a documentación esixida, de acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo.

Dada a complexidade da valoración das ofertas considérase necesario que unha empresa especializada apoie á mesa de contratación, para a realización de dita valoración.

Dado que o Decreto 795/14 de data 10 de abril de 2014, resolveu no seu momento, que a empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA S.A, preste apoio na valoración de ofertas técnicas a realizar no "ciclo integral da auga" do concello de Ames a un horizonte de 2 anos, a Mesa considera conveniente para os intereses municipais que dita empresa sexa nesta ocasión, de licitación a 9 meses, a encargada de realizar dito apoio. Dada a importancia da presente licitación que se está a realizar, dita empresa disporá dun espazo habilitado nas instalacións municipais para facer os traballos precisos para o apoio na valoración das ofertas, sen que a documentación dos licitadores poida saír da casa consistorial.

Visto o anterior, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro.- Facer entrega da documentación dos sobres B, presentados polas empresas Gestión y Técnicas del Agua S.A e UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A, á empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA, S.A, para que proceda nas instalacións habilitadas ao efecto na casa consistorial do concello de Ames ao apoio á mesa de contratación mediante a valoración dos sobres B, antes do acto de apertura de ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego. O prazo para a remisión á Mesa, da valoración efectuada, será de 10 días hábiles.

Segundo.- Unha vez valoradas as ofertas que se conteñen nos sobres B do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación, no perfil do contratante do concello, a data e lugar do acto público de apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor presidente da por rematado o acto, sendo as 14:30 horas, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

